

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE MONTE BALIÑO.

CURSO: 3º E 4º EDUCACIÓN PRIMARIA.

MATERIAS: LINGUA GALEGA, LINGUA CASTELÁ, CIENCIAS SOCIAIS,
CIENCIAS DA NATUREZA.

DEPARTAMENTO:

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

LINGUA GALEGA 3º EDUCACIÓN PRIMARIA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	3º-LGB1.3.3 - Elabora e produce textos orais sinxelos (explicacións, breves exposicións, narracións curtas...) presentando as ideas cunha coherencia lineal elemental e responde preguntas aclaratorias elementais sobre o seu contido. CCL, CSIEE, CAA.
B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis).	3º-LGB2.1.3 - Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo. CCL CAA CSIEE
B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de sinxelos gráficos, e ilustracións.	3º-LGB2.2.1 - Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de sinxelos gráficos e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que a acompaña. CCL CAA CSC CSIEE CMCT
B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo e resumir o seu contido.	3º-LGB2.3.2 - Realiza o resumo dun texto a partir de preguntas, dun texto sinxelo.. CCL CAA
B4.2. Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas básicas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	3º-LGB4.2.2 - Utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas, con especial atención ás maiúsculas. CCL CSC CCEC

LINGUA GALEGA 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico.	4º-LGB1.3.3 - Elabora e produce textos orais (explicacións sinxelas, exposicións, narracións...) presentando coherentemente a secuencia de ideas, feitos, vivencias e as súas opinións e preferencias, utilizando o dicionario se é preciso. CCL CSIEE CAA
B2.1. Comprender, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis).	4º-LGB2.1.3 - Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, adecuado á súa idade. CCL CAA CSIEE
B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións en textos.	4º-LGB2.2.1 - Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que acompañan. CCL CAA CSC CSIEE CMCT
B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo e esquematizar e resumir o seu contido.	4º-LGB2.3.3 - Realiza o resumo dun texto sinxelo. CCL CAA
B4.2. Aplicar, de forma xeral, as normas	4º-LGB4.2.2 - Coñece e utiliza as normas

ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas. CCL CSC CCEC
-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------

LINGUA CASTELÁ 3º EDUCACIÓN PRIMARIA	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.4. Facer hipóteses sobre o significado de palabras evidentes a partir do seu contexto de uso.	3º-LCB1.4.2 - Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación. CCL
B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais de textos orais breves e sinxelos de diferente tipoloxía, segundo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos, literarios e prescritivos).	3º-LCB1.5.4 - Utiliza de xeito guiado a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe. CCL CAA CSC CSIEE
B1.8. Producir textos orais adecuados ao nivel dos xéneros máis habituais imitando modelos, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	3º-LCB1.8.1 – Elabora comprensiblemente textos orais breves e sinxelos do ámbito escolar e social, adecuados ao nivel, imitando modelos. CCL CAA CSIEE
B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade e valorar a lectura como medio para ampliar o vocabulario, fixar a ortografía correcta e como gozo persoal.	3º-LCB2.2.2 – Resume atendendo a preguntas e reflectindo as ideas principais, textos de diversa tipoloxía textual. CCL CAA
B3.1. Producir textos seguindo un modelo con diferentes intencións comunicativas, cohesivas de xeito elemental, aplicando as regras ortográficas de nivel e cuidando a presentación.	3º-LCB3.1.1 – Escribe, con axuda e en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, utilizando elementos de cohesión básicos: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas... CCL CD CAA

LINGUA CASTELÁ 4º EDUCACIÓN PRIMARIA	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.4. Facer hipóteses sobre o significado de palabras evidentes a partir do seu contexto de uso.	4º-LCB1.4.1 - Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación. CCL
B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais de textos orais breves e sinxelos.	4º-LCB1.5.4 - Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situación de aprendizaxe individual ou colectiva CCL CAA CSC CSIEE
B1.7. Producir textos orais breves e sinxelos dos xéneros	4º-LCB1.7.1 - Elabora, imitando modelos, textos orais breves e sinxelos atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos,

máis habituais imitando modelos e adecuados ao seu nivel.	dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos). CCL CAA CSIEE
B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía.	4º-LCB2.2.2 - Resume textos lidos, de diferente tipoloxía, adecuados a súa idade e reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais. CCL CAA
B3.1. Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, aplicando as regras ortográficas, orde e presentación.	4º-LCB3.1.1 - Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelos do ámbito escolar e social: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas. CCL CAA CD

CIENCIAS DA NATUREZA 3º EDUCACIÓN PRIMARIA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborando con certa autonomía documentación sobre o proceso.	3º-CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes. CCL CAA CMCT CSIEE CD
	3º-CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación, planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. CAA CMCTCSIEE
B1.2. Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación, e obter unha información.	3º-CNB1.2.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno mediante a observación obtén a información. CAA CMCT CSIEE

CIENCIAS DA NATUREZA 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes.	4º-CNB1.1.1 - Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita. CAA CCL CMCT CSIEE
	4º-CNB1.1.2 - Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa. CCL CMCT CD
	4º-CNB1.1.3 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. CAA CMCT CSIEE
	4º-CNB1.1.4 - Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos. CAA CMCT CD

B1.2. Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación e obter unha información.	4º-CNB1.2.2 - Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contidos. CMCT CCL
-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------

CIENCIAS SOCIAIS 3º EDUCACIÓN PRIMARIA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre a área (empregando as TIC e outras fontes), a realización dun produto, a documentación do proceso (a través do uso do cartafol) e a comunicación do resultado, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto.	3º-CSB1.1.1 - Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito. CAA CD CMCT CCL
	3º-CSB1.1.2 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades. CSIEE CAA CMCT
B1.3. Coñecer a terminoloxía propia da área e achegarse a comprender textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.	3º-CSB1.3.1. Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico. CCL CMCT CSC

CIENCIAS SOCIAIS 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso (a través do uso do cartafol) e a comunicación dos resultados.	4º-CSB1.1.1 - Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito. CAA CD CMCT CCL
	4º-CSB1.1.2 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades. CSIEE, CAA
	4º-CSB1.1.3 - Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa. CCL CAA
B1.3. Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias Sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico.	4º-CSB1.3.1 - Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais. CCL CAA CMCT CSC
	4º-CSB1.3.3 - Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación. CCL CD CMCT CSC

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Valoración da realización das propostas de traballo, tarefas e retos diarios.
	Instrumentos: Listaxe de cotexo da entrega de tarefas, rúbrica.
Cualificación final	Contacto, interese, limpeza e orde da entrega das tarefas. A cualificación final, segundo recollen as directrices da Consellería, pode diferir ata un total de 2 puntos da nota anterior, sempre e cando sexa nun sentido ascendente, nunca para baixar as cualificacións.
Avaliación de materia pendentes	Non procede.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre	
Actividades	Tarefas diarias vía telefónica e aula virtual, en diferentes formatos. Retos de Lingua Galega e Matemáticas, con carácter lúdico, activo e en ningún caso repetitivo, na plataforma Agueiro. Propostas publicadas e organizadas na web do Centro.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Ante unha situación como a actual, non tódalas familias contan cos mesmos recursos, nin situación familiar, para poder afrontar as propostas aquí establecidas do mesmo xeito. Por esa razón as propostas contan tamén coa súa explicación por escrito e cun servizo ofertado polo Concello, para imprimir, e do que foron informadas as familias. Envíase traballo diariamente, sen que a carga lectiva sexa excesiva. E de xeito que poidan levarse a cabo no momento en que a familia o considere. Soamente temos un alumno sen acceso a Internet.
Materiais e recursos	Aula virtual Santillana, páxina web do Centro, plataforma Agueiro, arquivos multimedia de creación propia e externos, vídeos explicativos sobre os contidos e tarefas. Foi facilitada a entrega dos libros.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Información e achega das actividades ao alumnado mediante plataformas varias: Blogs e páxina web do Centro, grupo telefónico, Abalar. Atención telefónica diaria e constante ás familias e alumnado.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do Centro e información telefónica.